



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA**

Rúa Madrid 2 – 4  
15.707 – Santiago de Compostela  
Tfno: 981546257. Fax: 981546337  
xestion.egap@xunta.gal  
<https://egap.xunta.gal>

## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DE APERTURA DUN SEGUNDO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A CONVOCATORIA DE CURSOS CONVOCADOS PARA PERSOAL DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA

### ANTECEDENTES:

1.- As ditas actividades formativas foron convocadas en virtude da Resolución da directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) do 14 de xuño de 2019 (DOG núm. 121, do 27 de xuño de 2019) ao abeiro do convenio asinado entre a EGAP e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Sociedade Pública de Investimentos, S.A., Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A., Xesgalicia, Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A.U., Galicia Calidade, S.A., e Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

2.- A data de hoxe recibíronse solicitudes para participar do persoal de todas as entidades a excepción do persoal de XESGALICIA e RETEGAL, S.A.

3.- RETEGAL, S.A. solicita a apertura dun novo prazo de solicitudes.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Única.- A Resolución do 14 de xuño de 2019 pola que se convocan actividades de formación para persoal das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 121 do 27 de xuño de 2019), na súa base novena apartado 1, dispón o seguinte:

*“A EGAP e as entidades instrumentais colaboradoras poderán modificar o desenvolvemento, as datas e os lugares da actividade formativa, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir”.*

Tendo en conta que a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes non prexudica aos seleccionados en primeira convocatoria e co fin de que o persoal de todas as entidades colaboradoras poda participar.

### RESOLVO:

1. Abrir un segundo prazo de presentación de solicitudes para os cursos CV19033; CV19034; CV19035; CV19036; CV19037; CV19038; CV19039; CV19040; CV19041; CV19042; CV19043; CV19044 e CV19045, que comprenderá do 18 de xullo as 8:00 h ao 24 de xullo as 23.59 h.

2. Ordenar que se notifique aos interesados.

Santiago de Compostela,  
A directora

**17 XULL. 2019**

Sonia Rodríguez-Campos González



**Xacobeo 2021**

**galicia**